



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ECONÓMICA
DO CONSELLO SOCIAL DO 23.06.2020**

LUGAR: Sala I do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 23.06.2020

HORA DE COMEZO: 12:05 h.

HORA DE REMATE: 14:00 h.

LISTA DE ASISTENTES

D. Daniel Barata Quintas
D^a Raquel María Souto García
D. José María Martín Moreno
D. Jesús Graña Nogueiras
D. Antonio Macho Senra
D. Manuel González Piñeiro
D^a María Elvira Larriba Leira

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O martes, día 23 de xuño de 2020, ás 12:05 h., celebrouse reunión ordinaria da Comisión Económica do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (28.02.2020).
2. Informe do presidente.
3. Conta de liquidación do orzamento da UVigo correspondente ao exercicio 2019. Informe de auditoría e Memorando de recomendacións. Acordo para elevar ao Pleno.
4. Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI). Acordo que proceda para elevación ao Pleno.
5. Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría de Cidade Universitaria (CUSA). Acordo que proceda para elevación ao Pleno.
6. Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI). Acordo que proceda para elevación ao Pleno.
7. Aprobación, se procede, das transferencias de crédito precisas para cumprir cos obxectivos do convenio de accións estratéxicas de I+D+i asinado coa Xunta de Galicia para os exercicios 2019 e 2020.
8. Solicitudes de incorporación con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2019 correspondente á UVigo.
9. Corrección na partida asignada ao Mestrado universitario en Neurociencia, recollida no orzamento 2020.
10. Recepción e análise do informe de auditoría operativa sobre "Estrutura, funcionamento e xustificación de proxectos internacionais de cooperación e de investigación, con financiamento europeo, noutras universidades españolas".
11. Ratificación, se procede, da proposta de dedicar o próximo informe de auditoría operativa a avaliar a relación económica entre as EBT e a UVigo.
12. Aprobación, se procede, da doazón polo Karolinska Institute (Suecia) á UVigo do equipo Patch Clamp (fixación de membranas).
13. Informe sobre os convenios asinados pola UVigo en abril e maio de 2020.
14. Cesión de tecnoloxía da Universidade de Vigo á empresa Coinscrap Finance, S.L.
15. Rogos e preguntas.

O presidente dá a benvida aos asistentes e agradece ao director de Administración a súa presenza para informar sobre asuntos do seu ámbito.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (28.02.2020).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do Presidente.

Á vista da orde do día, reflexiona Daniel Barata sobre o momento económico que se está a vivir e a necesidade de tramitar coa maior axilidade posible as correccións orzamentarias e correccións que se deban facer, dadas as actuais circunstancias excepcionais. Subliña, así mesmo, o concepto positivo da auditoría e o seu valor e importancia.



PUNTO 3

Conta de liquidación do orzamento da UVigo correspondente ao exercicio 2019. Informe de auditoría e Memorando de recomendacións. Acordo para elevar ao Pleno.

O vicerreitor de Economía, José M^a Martín presenta e resume os aspectos máis salientables das contas, e avanza que a evolución reflicte estabilidade orzamentaria suficiente para garantir a actividade da universidade. Explica que a execución financeira do Plan 2016-2020 amosa a boa situación da universidade e reflicte o rigor co que foron elaborados os orzamentos.

Contextualiza Martín Moreno os documentos da conta anual correspondente a 2019, a tramitación e o calendario. Resume o orzamento definitivo de ingresos en 196.594.423 € (un 7,7% máis que en 2018), e os gastos nun 5,81% máis que en 2018. Destaca a modificación orzamentaria por case 14 millóns de euros polo éxito acadado en proxectos de investigación e pola consecución de fondos alleos, e salienta o comportamento estable do apartado de incorporación de remanentes.

Subliña o resultado positivo do exercicio en 2.134.999 €, case que un millón máis que a liquidación anticipada o pasado mes de febreiro. Interpreta distintas comparativas e analiza o remanente de Tesourería afectado pola demora do pago do IBI ao Concello de Vigo e por o pago de infraestruturas científicas que se adiantaron en 2019 e se recuperarán en 2020.

Intervén Manuel Piñeiro para expor distintas cuestións, entre elas as posibles débedas co persoal, o importe da partida asignada a fianzas ou sobre o patrimonio neto da UVigo. A xerente Raquel M^a Souto e Rodrigo Cerviño dan explicacións suficientes no senso de normalidade total. Jesús Graña reflexiona sobre as responsabilidades que comportan a aprobación das contas e pregunta se a UVigo ten déficit ao final de 2019. Resposta o director de Administración que a nivel orzamentario non, pero a nivel financeiro si, polas amortizacións, e advirte que non se corruxará porque sempre deberá estar investindo en tecnoloxía. Engade finalmente que non se debe nada nin a provedores nin a entidades financeiras. Respecto a outra pregunta de Jesús Graña sobre a elevada bolsa a cobrar que figura no remanente de Tesourería, Cerviño alude á incidencia do pago do IBI ao Concello de Vigo. Respecto do Memorando de recomendacións que acompaña á auditoría, Graña considera importante a observación referida ao inmovilizado. O responsable da Administración da conta das decisións adoptadas para resolvelo e confía en que en 2020 se darán pasos importantes nesta dirección.

- ***A Comisión eleva informe favorable ao Pleno.***

PUNTO 4

Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI). Acordo que proceda para elevación ao Pleno.

Dá conta o director de Administración do resultado positivo acadado e comenta a alta dependencia do Centro de Linguas, na que chama a atención o éxito do curso de Español para estranxeiros. Precisa que non hai condicións no informe de auditoría e que a situación da Fundación é estable.

- ***A Comisión informa favorablemente.***

PUNTO 5

Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría de Cidade Universitaria (CUSA). Acordo que proceda para elevación ao Pleno.

Informa Rodrigo Cerviño da incidencia do cambio da relación coa Piscina da UVigo e a baixada polos alugueres de locais afectou en que CUSA pechase o exercicio con peor resultado que o anterior. Xustifica o resultado negativo porque as amortizacións son moi altas ao ter moitos edificios. Manifesta a conveniencia de ir observando a evolución, se ben afirma que a situación non deberá preocupar a curto prazo. Pregunta Manuel G. Piñeiro que se debe entender cando o informe de auditoría pon en dúbida o principio contable de empresa en funcionamento, e se hai plan para a recondución. A resposta é que estase a falar de viabilidade e que se cumpre o plan de negocio, polo que o importe da débeda non debe preocupar.

- ***A Comisión informa favorablemente.***



PUNTO 6

Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI). Acordo que proceda para elevación ao Pleno.

Explica o director de Administración que ten moito patrimonio e que os resultados son bos, se ben anuncia medidas para corrixir o desfase de alugueres e para reorientar a actividade.

- ***A Comisión informa favorablemente.***

PUNTO 7

Aprobación, se procede, das transferencias de crédito precisas para cumprir cos obxectivos do convenio de accións estratéxicas de I+D+i asinado coa Xunta de Galicia para os exercicios 2019 e 2020.

Expón Rodrigo Cerviño que xa o convenio, por un importe total de 3.622.860 €, estaba dotado no orzamento inicial, e que se renegociou coa Xunta para reorientar os créditos e soportar parte dos gastos asociados ás necesidades polo COVID-19. Abunda en que se tratou dunha boa negociación e sinala que debe ser aprobado polo Consello Social por tratarse dun cambio orgánico e funcional. José M^a Martín precisa que os 429.235 € axudaron á reestruturación interna do orzamento que tivo que facer a UVigo dada a situación excepcional, e que ante o escenario incerto haberá que seguir afrontando gasto polo COVID-19. Á pregunta de Manuel G. Piñeiro sobre se a Xunta se fará cargo dos gastos ocasionados pola pandemia, o vicerreitor manifesta que a Xunta permitiu renegociar o convenio para poder afrontar os gastos imprevistos e que chegarán axudas de distintas administracións, "pero a día de hoxe non hai nada máis".

- ***A Comisión aproba as transferencias.***

PUNTO 8

Solicitudes de incorporación con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2019 correspondente á UVigo.

Presentase a solicitude de incorporar remanentes aos proxectos europeos "Crosscult" (72.681,87 €) e "Minowe" (6.503, 45 €); para cumprir coa subvención do Centro de investigación Ramón Piñeiro (3.425 €); para o ámbito Xurídico, Social e Humanidades dun pedido que quedou en fase conforme dunha obra que non procedeu á súa incorporación pola normativa contable <85.245,96 €); e para a incorporación de 100 mil euros ao Fondo de Continxencia, por se fose preciso executar gastos de prevención de cara á apertura do curso escolar 2020/2021.

Por aceptación expresa de todos os membros da Comisión, tramítase tamén a incorporación de remanente de libre disposición relativa á obra de reforma da produción térmica de auga mariña na Estación de Toralla, na partida orzamentaria EMT1 131H 623.04 (28.875 €).

- ***A Comisión autoriza as operacións.***

PUNTO 9

Corrección na partida asignada ao Mestrado universitario en Neurociencia, recollida no orzamento 2020.

Aclárase que no orzamento inicial do exercicio 2020, o Máster universitario, que pertence á Facultade de Bioloxía, asignouse no orzamento da Facultade de Química, polo que procede dotar a aplicación correctamente, sen que teña incidencia nos remanentes porque o crédito está ben dotado.

- ***A Comisión dá a conformidade.***

PUNTO 10

Recepción e análise do informe de auditoría operativa sobre "Estrutura, funcionamento e xustificación de proxectos internacionais de cooperación e de investigación, con financiamento europeo, noutras universidades españolas".



Expón Rodrigo Cerviño que as oficinas de proxectos deste tipo son novidosas e recentes, e difíciles polo tanto de homologar. Sobre esta base, entende que a auditoría é correcta e útil, porque reflicte que non hai datos para comparar e que a UVigo vai por diante neste senso. Engade que a CRUE fixo unha enquisa entre as universidades sobre este asunto, e que apenas recolleu respostas, o que abunda na inexistencia de experiencias que permitan homologar os procesos, polo que parece aconsellable seguir traballando sen esperar referencias.

- ***A Comisión informa favorablemente.***

PUNTO 11

Ratificación, se procede, da proposta de dedicar o próximo informe de auditoría operativa a avaliar a relación económica entre as EBT e a UVigo.

Seguindo unha recomendación do presidente da Comisión, feita na sesión de 28 de febreiro de 2019, conveñen os presentes en encargar unha auditoría operativa que axude a mellorar a supervivencia das EBT. A proposta dos representantes universitarios o enunciado do traballo solicitado sería "Análise da relación entre as spin off e a universidade, para buscar ferramentas que melloren a posición das spin off no mercado a medio prazo".

- ***A Comisión dá a súa aprobación.***

PUNTO 12

Aprobación, se procede, da doazón polo Karolinska Institute (Suecia) á UVigo do equipo Patch Clamp (fixación de membranas).

A incorporación dun investigador procedente do centro sueco, que incorpora os seus equipos de xeito gratuíto como doazón á UVigo.

- ***A Comisión dá a súa aprobación.***

PUNTO 13

Informe sobre os convenios asinados pola UVigo en abril e maio de 2020.

- ***A Comisión dáse por informada.***

PUNTO 14

Cesión de tecnoloxía da Universidade de Vigo á empresa Coinscrap Finance, S.L.

Informa Rodrigo Cerviño que se trata dun software libre cun gran potencial de aproveitamento económico, e que este punto, consonte a normativa sobre xestión patrimonial debe ser aprobado polo Consello Social. A UVigo, como propietaria, cederá a titularidade da tecnoloxía á empresa e recibirá como contraprestación 24.000 €.

- ***A Comisión informa favorablemente o alleamento da tecnoloxía.***

PUNTO 15

Rogos e preguntas

Jesús Graña pregunta se a UVigo ten previsto diminuír algún tipo de gasto para facer fronte aos gastos extras derivados do COVID-19. Tanto José M^a Martín como Rodrigo Cerviño responden que si se recortarán, que para 2020 xa están feitas retencións, e que para 2021 se contempla que os axustes deberán ser importantes, e que se parte dun escenario pesimista porque se está a traballar coa hipótese de que os ingresos serán os mesmos.

Interésase Elvira Larriba pola situación da reclamación da devolución do IBI ao Concello de Vigo. O vicerreitor explica que se trata dunha débeda herdada de 6 millóns de euros, que o actual equipo de goberno negociou co Concello o pago dos exercicios con sentencias para non seguir acumulando intereses cuantiosos pola débeda, e parando o Concello a emisión de novos recibos. Di que se a sentenza fose favorable á UVigo, deberáselle reintegrar todo o pagado, e remítese a un



precedente favorable que se deu nun caso similar coa Universidade de León. Lembra tamén que o Concello vigués aportou á UVigo 350 mil euros cada unha das dúas últimas anualidades.

Pregunta finalmente Manuel G. Piñeiro se as universidades galegas farán unha fronte común ante a Consellería polos gastos ocasionados pola pandemia, e adianta o vicerreitor que se están producindo esas conversas para un convenio anti-COVID, na confianza de que a Consellería achegará fondos. Consulta finalmente Manuel G. Piñeiro sobre o posicionamento do PAS respecto do teletraballo, e dá conta a xerente dun acordo negociado para que a partir do 1 de xullo permítaselle teletraballar aos que teñen menores ou maiores ao seu cargo ou aos declarados vulnerables. Esténdese dando conta de que na reunión os representantes sindicais defenderon que a universidade ha de ser pública e presencial. Afirma Raquel M^a que o teletraballo deberá ser regulado e que o tema está enriba da mesa para cando sexa o momento oportuno, e que na mesma reunión falouse de medidas de conciliación e non de teletraballo.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:00 horas do 23 de xuño de 2020, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,

O secretario,

Daniel Barata Quintas

Ignacio Rodríguez Iglesias